

Vintecatro horas de fútbol abren a temporada de actividades de Castelo Deporte esta fin de semana

Culleredo, 29 de marzo de 2011

A asociación Castelo Deporte inicia esta fin de semana un mes de abril cargado de actividades coa celebración no polideportivo de Tarrío (Culleredo), do 'CASTELO NON PARA', un maratón de fútbol sala de vintecatro horas organizado en colaboración da concellería de Deportes do Concello de Culleredo.

A iniciativa, pioneira na localidade coruñesa, dará comezo ás 20.00 horas deste sábado para rematar un día despois, coa celebración da final entre os equipos que consigan chegar máis lonxe na competición. A estrutura do calendario permitirá ademais cumprir un dos obxectivos do evento: fomentar a convivencia durante unha xornada completa entre a mocidade de Culleredo e a súa área de influencia grazas ao deporte.

Doce equipos, o límite determinado pola organización, serán os que loiten polos case cincocentos euros de premio económico e os correspondentes trofeos. As inscrición pecháronse hai xa varias semanas dado o éxito da convocatoria. A campaña que Castelo Deporte realizou a través das redes sociais tivo unha magnífica acollida entre a mocidade cullerdense, e foron moitos os interesados en asistir como público.

Para dar a cobertura necesaria ao evento, a entidade organizadora habilitará un bar que ofrecerá as ceas, almorzos e xantares ao longo de todo o maratón, e no que participantes no evento e socios contarán con prezos especiais.

Ademais, Castelo Deporte apostará unha vez máis pola innovación, cunha retransmisión a través de internet co emprego de ferramentas como Twitter e Facebook, ou a constante publicación de vídeos e reportaxes coas mellores xogadas dos diferentes partidos e entrevistas cos protagonistas do maratón.

Este xoves, dende as 20.45, terá lugar no edificio de Servizos Múltiples de O Burgo (Culleredo), a presentación do evento a cargo do presidente de Castelo Deporte, Álvaro J. Pérez Becerra, e o sorteo do calendario coa presenza dos equipos inscritos.

CASTELO
NON PARA
maratón deportivo vintecatro horas



--
tel. 697.513.997 prensa@castelodeporte.org